



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D
<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. núm 2024/C004/000005

Ref.: SEC

DECRETO DE ADXUDICACIÓN DOS LOTES 1 AO 4 DO CONTRATO DE SERVIZOS “PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DO CONCELLO DAS PONTES 2023/2024” (2024/C004/000005), TRAMITADO MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SÚPER SIMPLIFICADO.

ANTECEDENTES DE FEITO:

- Mediante Decreto 1141/2024 de data 19/06/2024, aprobose o expediente de licitación do contrato de servizo “Programa integrado de emprego do concello das Pontes 2023/2024”.
- A licitación foi publicada no perfil do contratante do órgano de contratación o día 25/06/2024. O prazo para a presentación de ofertas foi de dez días hábiles.
- Rematado o prazo de presentación de ofertas, o día 09/07/2024, preséntanse a esta licitación, unha empresa para o lote 1, unha empresa para o lote 2, tres empresas para o lote 3 e seis empresas para o lote 4.
- En data 10/07/2024, a secretaria da corporación e a administrativa do departamento de contratación realizan a apertura das ofertas presentadas.
- Unha vez abertas as ofertas determináronse as ofertas incursas en valores anormais ou desproporcionados (Gestión Plus, SLU, respecto dos lotes 1 e 2; Impulsa Formación y empleo, SL, respecto do lote 3 e Centro de Estudios Adams Ediciones Valbuena, SA, respecto do lote 4).

No prazo conferido para o efecto, os licitadores Gestión Plus, SLU e Impulsa Formación y empleo, SL, presentan a documentación relativa á xustificación das ofertas incursas en valores anormais ou desproporcionados. A documentación remitiuse ao técnico redactor do estudio económico para a emisión do informe técnico de valoración pertinente; respecto da documentación da empresa Gestión Plus, SLU, conclúese a viabilidade da oferta; en canto á documentación que aportou a empresa Impulsa formación y empleo, SL, conclúese a inviabilidade da oferta presentada.

En canto a empresa Centro de Estudios Adams Ediciones Valbuena, SA, presenta documentación relativa á existencia dun erro na presentación da oferta.

- O órgano de asistencia ao órgano de contratación, en data 07/08/2024, propón a exclusión da empresa Centro de Estudios Adams Ediciones Valbuena, SA, por canto a aclaración que presenta a empresa licitadora altera o sentido da oferta presentada e a modifica, sen que poda ser considerada un mero error formal ou de conta; a admisión da nova oferta vulnera o principio de igualdade de trato nas licitacións; propónse a adxudicación á empresa Recursos Galicia, SLU.

O órgano de asistencia, na data indicada, propón ao órgano de contratación o seguinte, unha vez analizada a documentación presentada polas empresas licitadoras:

- Lote 1 (Curso básico de prevención de riscos laborais): propónse adxudicar o contrato a favor do licitador que presentou a proposición que contén a oferta economicamente máis vantaxosa, o licitador Gestión Plus, SLU, cunha oferta de 48,88 €/h (exento IVE) e unha puntuación da valoración económica de 25,90 puntos.
- Lote 2 (Operacións con ponte grúa): propónse adxudicar o contrato a favor do licitador que presentou a proposición que contén a oferta economicamente máis vantaxosa, o licitador Gestión Plus, SLU, cunha oferta de 93,75 €/h (exento de IVE) e unha puntuación da valoración económica de 90,64puntos.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D
<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. núm 2024/C004/000005

Ref.: SEC

- Lote 3 (Curso de carretilla elevadora e plataforma elevadora): unha vez excluído da licitación o licitador Impulsa Formación y empleo, SL, propónse a adxudicación do contrato a favor do seguinte licitador que presentou a proposición que contén a oferta economicamente máis vantaxosa, o licitador Gestión Plus, SLU, cunha oferta de 158,88 €/h (exento de IVE) e unha puntuación da valoración económica de 88,49 puntos.
- Lote 4 (Igualdade de oportunidades): unha vez excluído o licitador Centro de Estudios Adams Ediciones Valbuena, SA, propónse a adxudicación do contrato a favor do seguinte licitador que presentou a proposición que contén a oferta economicamente máis vantaxosa, o licitador Recursos Galicia, SLU, cunha oferta de 160,00 €/h (exento de IVE) e unha puntuación da valoración económica de 99,44 puntos.

O contido íntegro dos informes de valoración poden consultarse no perfil do contratante desta licitación no seguinte enlace: https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Adetalle_licitacion&idEvl=yMpKdKqGgH6opEMYCmrbmw%3D%3D

- O día 08/08/2024, a interventora municipal emite o informe núm. 209/2024 de fiscalización favorable á adxudicación dos lotes 1, 2, 3 e 4 segundo o exposto anteriormente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Os artigos 36.1, 159.6, 346.3 e D.ad.IIª da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de contratos do sector público; os artigos 184 do Texto refundido 2/2004, do 5 de marzo, das facendas locais e 56 e 57 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, de desenvolvemento do capítulo primeiro do título sexto da Lei reguladora das facendas locais, que regulan as disposición dos créditos presupostados; e o Decreto 1524/2024, do 31 de xullo, de substitucións nas funcións da Alcaldía e Tenencias de alcaldía por mor das vacacións do alcalde do concello, do primeiro tenente de alcalde e das concelleiras designadas nas Tenencias de Alcaldía, polo que a concelleira María Tania Pardo Cabarcos desenvolve, entre os días 01/08/2024 e 11/08/2024, as funcións da Alcaldía e Tenencias de Alcaldía.

Por iso, á vista dos antecedentes e fundamentos citados, RESOLVO:

- 1º) Excluir da licitación, ao licitador Impulsa Formación y Empleo, SL (lote 3), por non xustificar suficientemente a viabilidade da súa oferta, segundo informe técnico de valoración.
- 2º) Excluir da licitación ao licitador Centro de Estudios Adams Ediciones Valbuena, SA (lote 4), por presentar unha oferta que non se adapta ao solicitado no prego (prezo/hora), e segundo se expón no informe do órgano de asistencia ao órgano de contratación de data 07/08/2024.
- 3º) Adxudicar os lotes 1 (Curso básico de prevención de riscos laborais), 2 (Operacións con ponte grúa), e 3 (Curso de carretilla elevadora e plataforma elevadora), do contrato “Programa integrado de emprego do concello das Pontes 2023/2024”, ao licitador Gestión Plus, SLU. A execución do contrato realizarase de acordo co previsto no PPT para cada lote. A persoa responsable ante o concello, a que lle corresponderán as funcións de organizar, controlar e dirixir as persoas traballadoras e que será a única interlocutora co concello é Laura Vilar Feal.
- 4º) Dispoñer de crédito por importe suficiente para facer fronte aos pagos pola prestación do servizo relativo aos lotes 1, 2 e 3 do contrato “Programa integrado de emprego do concello



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D
<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. núm 2024/C004/000005

Ref.: SEC

das Pontes 2023/2024”, a favor da empresa Gestión Plus, SLU con cargo á partida orzamentaria 241.22799.2024.3.20000.2, de acordo coas seguintes ofertas:

	Prezo hora (exento de IVE)
Lote 1	48,88 €/h
Lote 2	93,75 €/h
Lote 3	158,88€/h

- 5º) Adxudicar o lote 4 (Igualdade de oportunidades) do contrato “Programa Integrado de emprego do concello das Pontes 2023/2024”, ao licitador Recursos Galicia, SLU. A execución do contrato realizarase de acordo co previsto no PPT. O responsable ante o concello, ao que lle corresponderán as funcións de organizar, controlar e dirixir as persoas traballadoras e que será o único interlocutor co concello é Xiana Zapata Criado.
- 6º) Dispoñer de crédito por importe suficiente para facer fronte aos pagos pola prestación do servizo (lote 4) do contrato “Programa integrado de emprego do concello das Pontes 2023/2024”, ao prezo de 160,00 €/h (exento de IVE), a favor do licitador Recursos Galicia, SLU, con cargo á partida orzamentaria 241.22799.2024.3.20000.2
- 7º) Acordar a publicación da adxudicación do contrato no perfil do órgano de contratación.
- 8º) A formalización do contrato considerarase efectuada mediante a sinatura da aceptación por parte das empresas adxudicatarias da resolución de adxudicación.
- 9º) As ofertas presentadas e a documentación relativa á súa valoración serán accesibles de forma aberta por medios informáticos sen restrición algunha dende o momento en que se notifique a adxudicación do contrato.
- 10º) Comunicar esta adxudicación ao Rexistro de Contratos do Sector Público, para os efectos previstos no artigo 346.3 da LCSP.
- 11º) Comunicar a todas as empresas licitadoras que contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñer potestativamente o recurso de reposición ante o órgano de contratación, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC). Se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificada a resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo, e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, contado dende o día seguinte ao daquel no que se producise a desestimación presunta. Se o acordo de reposición foi resolto expresamente o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación do acordo polo que se resolveu expresamente o citado recurso de reposición. Este recurso contencioso-administrativo poderá ser interposto ante o Xulgado núm. 1 de Ferrol.

Malia o anterior, poderá impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (art. 123.1 da LPAC). Para tal efecto poderá



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. núm 2024/C004/000005

Ref.: SEC

interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contado dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Ferrol.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura dixital

As Pontes de García Rodríguez, agosto de 2024